

Santa Columba



Tanatorio



CEIP Ferro Couselo

Río

Pavillón



Contratista
Tomos Conservación Restauración, S.L.

Dirección escavación arqueolóxica
Emilio Ramil González

Axudante de dirección
Fco. Javier Chao Álvarez

Auxiliares de arqueoloxía
Elisa Pereira García
Diana Blanco Patiño
Alba González Abuín
José Antonio Vázquez Ferro
Felisindo Ferrón Muíños
Nestor Bacelar Domínguez

Directora de restauración
Rosa Benavides García

Técnica Restauradora
Clara Alonso López

Posta en valor e Musealización
Van Divulgación Cultural S.L.



**IGREXA
VELLA
SANTA
COMBA
D. LOURO
VALGA**

SÉCULO IV-XVIII D.C.



A «Igrexa Vella» de Santa Comba de Louro é un xacemento arqueolóxico singular en Galicia ao documentarse nel unha ocupación humana que comeza no século IV d.C., durante época romana, para se converter no século V nun edificio relixioso que mantén esta función até o XVIII, momento en que se traslada a vella igrexa ao lugar que ocupa actualmente.

As escavacións non permitiron definir ben a función do primeiro asentamento tardorromano, mais, posiblemente, tratábase dun pequeno complexo de vivendas e produción asociada aos restos dun forno atopado no centro da nave da igrexa.

No século V, coa cristianización do imperio romano, unha pequena igrexa basilical de planta rectangular constrúese sobre o complexo tardorromano, reutilizando materiais do mesmo; e, entre os séculos VIII e IX, por un incendio ou pola necesidade de ampliación do templo, erguese unha igrexa altomedieval de cabeceira cruciforme á que adosáse no século XVI unha sancristía e capela lateral no seu lado norte.



- MODERNO XVI-XVIII D.C.
- MEDIEVAL VIII-XVI D.C.
- PALEOCRISTIÁN V-VIII D.C.
- ROMANO IV-V D.C.



Forno industrial tardorromano (século IV d.C.) de produción local dedicado á produción de vidro ou metais, do que se conserva a cámara de combustión e a cámara de coción. Hoxe atópase tapado para a súa conservación no centro da igrexa



Vista do conxunto dende o oeste, coa necrópole altomedieval

Igrexa de Santa Columba. No s. XVIII desmantébase a vella igrexa e trasládase ao lugar que ocupa actualmente, reaproveitando a pedra, sobre todo perpiños e enlousado para o novo templo